

# PLAN DIXITAL

## I.E.S. Agra de Raíces

[Versión 2.0\_ setembro 2023]

# Índice do Plan Dixital

## 1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

## 2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

## 3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

## 4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

## 5. Difusión do PD

## 1. Introducción

### 1.1. Datos básicos do centro

O IES "Agra de Raíces" está situado na Rúa Buenaventura Castro Rial, na vila de Cee, capital do concello do mesmo nome, e recibe principalmente alumnado dos concellos de Cee e de Dumbría, ao ter adscritos os colexios públicos situados neses concellos. O Concello de Cee, situado na comarca de Fisterra e dentro da Costa da Morte, pertence ao Partido Xudicial de Corcubión, ten unha extensión de 57,5 km<sup>2</sup> e unha poboación de 7500 habitantes aproximadamente, distribuídos en seis parroquias: Ameixenda, Brens, Cee, Lires, Pereiriña e Toba.

A poboación que reside nas parroquias desta comarca está moi dispersa e a súa comunicación con Cee realízase, en xeral, por estradas estreitas e con moitas curvas; isto fai que parte do alumnado empregue moito tempo nos seus desprazamentos entre a súa casa e o centro escolar. A maioría das vivendas da zona son unifamiliares e no medio rural, se ben nos núcleos poboacionais hai edificios de pisos.

Tendo en conta o nivel de estudos e a situación laboral e profesional das familias, xunto cos recursos culturais e materiais que se atopan nos fogares desta zona, o noso centro sitúase no nivel Medio-Baixo do ISEC (Índice Socio Económico e Cultural).

En canto aos usos lingüísticos, a meirande parte do alumnado prefire o uso do galego, pois case un 60 % aprendeu a falar nesta lingua e máis do 70 % usa exclusivamente ou de xeito predominante o galego na súa vida diaria.

A maioría do alumnado da ESO procede dos colexios públicos "CEIP Plurilingüe Vila de Cee" e "CEIP Plurilingüe Santa Eulalia de Dumbría"; o alumnado que cursa Bacharelato e o ciclo formativo de grao medio "Coidados auxiliares de Enfermería" procede fundamentalmente dos concellos de Carnota, Cee, Corcubión, Dumbría, Fisterra e Muxía.

O IES "Agra de Raíces", centro público dependente da Consellería de Educación de Galicia, ofrece os seguintes estudos:

- Os catro cursos da ESO con alumnado procedente principalmente dos centros de Primaria citados arriba.
- Dúas modalidades de Bacharelato: Bacharelato de Ciencias e Bacharelato de Humanidades e Ciencias Sociais. Dentro desta última modalidade o alumnado pode optar polo itinerario de Humanidades ou polo itinerario de Ciencias Sociais.
- Formación Profesional de grao medio: un ciclo de "Coidados Auxiliares de Enfermería".
- O nivel intermedio do programa "That's English!"

A matrícula total é de 382 alumnos/as, en Ensinanza Obrigatoria hai 218, en Bacharelato 119 no Ciclo Formativo, 28 alumnos/as no 1º curso e 17 de FCT que farán durante este curso as prácticas nos centros de traballo. Con respecto ao Programa de That's English aínda está aberta a matrícula.

En canto ao número de profesores que compoñen o claustro, no curso escolar 2023- 24, hai un total de 45: 38 de Ensino Secundario, 2 de Pedagogía Terapéutica, 1 Orientadora, 1 profesor de Relixión e 3 Profesoras Técnicas de Formación Profesional.

Por último indicar que a nosa WEB é a seguinte: <https://www.edu.xunta.gal/centros/iesagraiaices/>

### 1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

Actualmente Cee é o centro de servizos na Costa da Morte, contando co Hospital "Virxe da Xunqueira", Biblioteca pública, un centro comercial con tres salas de cine, piscina cuberta, gran cantidade de locais de ocio (hoteis, restaurantes, bares...) e unha boa oferta deportiva e cultural.

Aínda que a historia de Cee estivo ligada á pesca, sobre todo de cetáceos, hoxe en día a actividade económica predominante é o sector servizos, pola relativa importancia turística da zona e sobre todo por ser Cee o centro mercantil da mesma; dese xeito, a meirande parte da poboación traballa nalgunha empresa da zona, no hospital, no centro comercial ou nalgún comercio ou establecemento hostaleiro. En canto a industria, existen bastantes serrarías, talleres mecánicos, talleres de metal, de aluminio, de carpintería..., pero a fábrica principal é Xeal, que produce ferroalixes e, con dúas sedes na comarca, dá emprego directo e indirecto co transporte das materias primas e das materias elaboradas. A pesca non é relevante na zona e a agricultura ten pouca importancia, se excluimos o autoabastecemento.

A comarca de Fisterra, á que pertence o concello de Cee, conta con unha serie de puntos de interese turístico, artístico, cultural e paisaxístico, destacando: cabo Fisterra (referente da cultura pagá e cristiá), cabo Touriñán, Santuario da Barca (onde se mesturan os ritos pagáns e os cristiáns en torno á Pedra de Abalar e á Pedra dos Cadrís), Mosteiro de Moraime, os castelos do Cardeal e do Príncipe, Monte Pindo, a enseada do Ézaro, as Caldeiras do Castro, restos da cultura megalítica e castrexa... Tamén se debe considerar o aumento da afluencia turística asociada á prolongación do Camiño de Santiago a Fisterra e Muxía.

As taxas de actividade, as porcentaxes de ocupación e paro, así coma diversos indicadores económicos da comarca, definen esta zona cun nivel económico-social netamente inferior á media galega e mesmo á media do Estado, con algún caso de marxinalidade.

Por tanto o noso Plan Dixital, pretende dar tanto ao alumnado coma ao profesorado as ferramentas precisas para que o noso sistema educativo poida conseguir cidadáns dixitalmente competentes para desenvolverse nun mundo cada vez mais tecnolóxico, e que a situación xeográfica e económica da nosa comarca non sexa un lastre.

Como recollemos na nosa PXA, as TICs teñen unha importancia relevante na mellora da calidade do ensino do noso alumnado, e o Plan Dixital ten que converterse nunha ferramenta mais para acadar este obxectivo, que se fundamenta sobre todo nun uso seguro e crítico das TIC para obter, analizar, producir e intercambiar información. Adquirir unha total competencia dixital, valorar fortalezas e debilidades dos sistemas tecnolóxicos, formar ao alumnado na procura de información e uso responsable de Internet, fomentando a curiosidade e a motivación pola aprendizaxe e a mellora no uso das novas tecnoloxías. Non debemos esquecer tampouco a necesidade de ter un profesorado formado neste campo, polo que o noso Plan Dixital ten que estar relacionado cos PFPP que levemos a cabo no centro.

Indicar tamén que dende o curso 2020/21 o noso centro incorporouse ao uso do libro dixital, mediante a plataforma EVA EDixgal, aspecto que tamén debemos abordar no noso Plan Dixital.

Por tanto o noso Plan Dixital, contribuirá a levar a cabo moitos dos obxectivos da PXA do curso 23/24, entre os que podemos destacar:

- Continuar incorporando as TIC ó proceso de ensinanza-aprendizaxe.
- Acadar unha maior competencia dixital.
- Facer uso das ferramentas de intercambio de información entre profesor/alumno, profesor/titor e profesor/equipo directivo.
- Fomentar a páxina web do centro como espazo de información e comunicación.
- Fomentar o uso da Aula Virtual do centro como recurso educativo facendo partícipe a todos os membros da comunidade educativa.
- Potenciar o emprego das TIC como ferramenta de traballo.
- Favorecer a formación do profesorado no eido das TIC.
- Impulsar o proxecto EDIXGAL.
- Valorar fortalezas e debilidades dos sistemas tecnolóxicos.
- Formar ao alumnado na procura de información e uso responsable de Internet.
- Fomentar a curiosidade e a motivación pola aprendizaxe e a mellora no uso das novas tecnoloxías.
- Respetar os principios éticos no seu uso.

- Potenciar actividades de participación do alumnado a través da páxina e doutras ferramentas en Internet, como aloxamento de materiais informativos e pedagóxicos para uso do alumnado e familias: programacións, boletíns de traballo....
- Extraer información a través de Internet como experiencias interesantes para adquirir novas ideas.
- Participar en foros, chats... e diversas redes de colaboración co alumnado a través da aula virtual.
- Utilizar programas ou sitios web que faciliten a aprendizaxe das diferentes áreas.
- Facilitar o acceso a estas ferramentas a todo o
- Facer uso do proxecto EDIXGAL e da aula virtual nos niveis educativos que corresponda, potenciando a autonomía do alumnado en relación aos materiais e recursos que alí se aloxan.
- Difundir o proxecto EDIXGAL entre as familias

### 1.3. Breve xustificación do mesmo

Para a elaboración do Plan dixital tívose en conta a seguinte normativa:

- *Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación*
- *Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021- 2022.*
- *Artigo 37.1. do DECRETO 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.*
- *Artigo 18 da ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.*
- *Artigo 35.1 do DECRETO 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.*
- *Artigo 21 da ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.*

### 1.4. Proceso de elaboración

Para a elaboración inicial do Plan Dixital do noso centro, constituíuse no curso 2021/2022, un grupo de traballo, dentro do PFPP, formado por 7 profesores e profesoras, entre os que estaba o profesorado do Equipo Tic, ademais dun membro do Equipo Directivo. Nese momento realizáronse numerosas reunións e coordinacións para traballar aspectos relacionados con:

- Enquisa SELFIE (1º Trimestre)
- Test de CDD (2º Trimestre)
- Elaboración do DAFO do noso Centro (2º Trimestre)
- Establecer os obxectivos principais do Plan de Acción do noso Plan Dixital (3º Trimestre)
- Elaboración do Plan Dixital (3º Trimestre)

Tanto nese primeiro ano de elaboración do Plan Dixital como nos seguintes, contamos co asesoramento da nosa mentora ou asesora da Rede Galega Dixitalgal, que nos orientou e guiou en todo este proceso,

principalmente na elaboración dos materiais e no tempo de entrega dos mesmos, e tendo en conta as aportacións, previamente consensuada, do claustro de profesores e do equipo TICs, fixemos as modificacións oportunas para actualizar o noso Plan Dixital de cara ao presente curso, mantendo unha liña continuísta no mesmo, polo que seguimos traballando coas mesmas táboas de acción e algunha incorporación nova (obxectivo 7).

## 2. Situación de partida

### Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

O noso centro conta con suficientes infraestruturas e equipamento para dar respostas aos retos dixitais que estamos a afrontar.

Co respecto á conectividade o noso centro correspóndese cunha conectividade Cable\_200M\_25M, é dicir contamos con un ancho de banda de 200Mb e con 25 Mb de respaldo. Como redes wifi, dispoñemos das redes ABALAR, edu.xunta.es e a ED\_15003212.

En canto ás infraestruturas, todas as aulas da ESO e do Bacharelato, 18 en total, están dixitalizadas e dotadas co seguinte equipamento:

- Ordenador.
- Proxector de parede.
- Pizarra dixital interactiva.
- Altosfalantes.
- Caixa de conexións de audio, vídeo e rede.

Todas as aulas específicas contan con ordenador, proxector, pantalla, así como a biblioteca escolar.

O centro conta, ademais, con dúas aulas de informática onde se desenvolven as materias de Informática, TIC, Deseño e impresión 3D, así como algunhas sesións de Tecnoloxía, e que tamén poden ser usadas por outras materias.

Dentro do Espazo de Polos Creativos, dispoñemos de 5 ordenadores que están a disposición da comunidade educativa. Neste Espazo tamén dispoñemos de gran cantidade de ferramentas para traballar proxectos cunha gran carga tecnolóxica: Impresoras 3D, Cortadora Láser, Robots Mbot, Placas e sensores Arduino, etc.

A aula onde se desenvolve o ciclo de Coidados Auxiliares de Enfermaría está dotada de cinco ordenadores de sobremesa e cinco portátiles para uso do alumnado.

Dispoñemos dun espazo audiovisual, onde está instalada a radio escolar do noso centro e demais material audiovisual para a realización de traballos de audio e vídeo (croma, focos, trípodes, ordenador, mesa de son, etc..)

Na Sala de Profesores, existen tamén 4 ordenadores para uso do propio profesorado.

Todo o alumnado da ESO está integrado no proxecto EDIXGAL e por tanto dispoñen dun ordenador persoal con conexión a rede Abalar para o seu uso educativo. O centro ten en depósito algúns ordenadores máis por se

xurde un problema con algún ordenador do alumnado e poder cederlles un de reposto.

Todo o profesorado que imparte docencia na ESO, dentro do programa EDIXGAL, tamén ten dereito á cesión dun ordenador portátil para a súa labor docente.

Dentro do programa para atallar a fenda dixital, o centro conta con 19 ordenadores e routers 4G para este fin.

A aula virtual conta actualmente con todo o alumnado de Bacharelato e todo o profesorado inscrito. A finais do curso pasado 2020/21 aprobouse polo Claustro un protocolo de uso da Aula Virtual. O alumnado da ESO xa fai uso de EDIXGAL, que é tamén unha aula virtual.

Con respecto ao mantemento do equipamento do centro, ademais do equipo TIC, contamos cunha empresa externa que soe acudir ao centro unha vez cada 15 días para facer fronte a aqueles incidencias de maior relevancia e posta a punto dos equipos informáticos.

O resto do mantemento será levado a cabo principalmente polo equipo TIC, que se encargará de:

- Xestionar, en colaboración coa Secretaria, as entregas e recollidas dos ordenadores ao alumnado da ESO (EDIXGAL) e do profesorado que imparte a este alumnado.
- Dar ás altas e baixas do alumnado e profesorado na Aula Virtual do centro.
- Xestionar as diferentes incidencias que vaian sucedendo ao longo do curso (clonación de ordenadores, asesoramento, relación co Soporte Premium e UAC...).

## 2.1. Fontes empregadas para a análise DAFO

Para levar a cabo a avaliación inicial da dixitalización do centro utilizamos a ferramenta de autoavaliación SELFIE, da Comisión Europea, que proporciona un informe de situación do centro. A continuación podemos atopar un resumo na seguinte táboa.

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.		3,8	3,6	3,5	
	Profesorado		3,3	3	3,3	
	Alumnado					
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.		3,4	2,9	3,2	
	Profesorado		2,7	2,5	2	
	Alumnado		2,8	2,1	3,9	
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.		3,8	3,7	3,5	
	Profesorado		3,4	3,2	3,5	
	Alumnado		3,8	2,6	3,7	
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.		4,1	4,2	4,3	
	Profesorado		3,7	3,5	3	
	Alumnado					
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.		4,1	3,9	4	
	Profesorado		3,9	3,6	4,3	
	Alumnado		4,1	3,5	4,4	
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.		3,5	3,2	3,1	
	Profesorado		3,3	2,8	3	
	Alumnado		3,4	2,7	3,9	
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.		3,1	3,3	3,1	
	Profesorado		2,6	2,5	3,1	
	Alumnado		3	2,1	3,3	
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.		3,7	3,7	3,5	
	Profesorado		3,2	3	3,6	
	Alumnado		3,3	2,4	3,5	

Ademais tamén se empregou o Test CDD para avaliar a competencia dixital do profesorado do centro. Podemos ver a información que obtivemos nas seguintes táboas:

### 1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
<b>DEFINITIVO</b>	21	27	77,8%
<b>PROVISIONAL</b>	5	6	83,3%
<b>INTERINO</b>	7	8	87,5%
<b>SUBSTITUTO</b>	2	4	50%
<b>DESPRAZADO</b>			

### 2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
74,3	Integrador/a (B1)	76,4	Integrador/a(B1)

### 2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
<b>ESO</b>	75	Integrador/a (B1)	79,2	Integrador/a (B1)
<b>BAC</b>	71,2	Integrador/a (B1)	77,9	Integrador/a (B1)
<b>F.P</b>	55,5	Explorador/a (A2)	80,3	Integrador/a (B1)

### 2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
<b>A1</b>	1	2,9%
<b>A2</b>	15	42,9%
<b>B1</b>	13	37,1%
<b>B2</b>	3	8,6%
<b>C1</b>	3	8,6%
<b>C2</b>		
<b>TOTAL</b>	35	100%

Ademais de toda a información obtida coas dúas ferramentas citadas para a elaboración do DAFO, contamos tamén co asesoramento da persoa mentora de centro e dos membros do EDPD.

Cabe sinalar que os datos do SELFIE ás veces son sesgados e requiriron de interpretación, das persoas antes mencionadas, para facer unha valoración da situación real do centro.

## 2.2. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, TCDD e outras fontes, o centro xerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver



INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	<p>C1:(ESO) No noso centro a infraestrutura dixital respalda o ensino e a aprendizaxe con tecnoloxías dixitais</p> <p>C2:(ESO-Bach-Ciclo) No noso centro hai dispositivos dixitais para o seu emprego na ensinanza</p> <p>C3:(ESO) Tanto equipo directivo, profesorado e alumnado coincide en que no noso centro se facilita o acceso a Internet para o ensino e a aprendizaxe</p> <p>C8:(ESO-Ciclo) No noso centro hai dispositivos dixitais que son propiedade do centro e que están xestionados por el e que o alumnado pode empregar cando os precisa</p> <p>C10:(ESO) No noso centro hai dispositivos dixitais que o alumnado pode levar a casa cando os precisa.</p> <p>PEC5:(ESO-Bach-Ciclo) Nas aulas do centro hai equipamento informático mercado polo propio centro</p> <p>PEC8:(ESO-Bach-Ciclo) O alumnado do noso centro considera que pode facer un seguimento das súas tarefas a través da Aula Virtual do centro ou do EVA do proxecto Edixgal na maioría das materias</p> <p>PEC9: O alumnado do noso centro afirman que a eles ou a súa familia chéganlle avisos e notificacións a través da aplicación AbalarMobil e ademais poden xustificar as faltas e pedir tutorías.</p> <p>Fomento do Uso do software libre (maquetas Abalar) na maioría dos equipos do noso centro, especialmente no que debe usar o alumnado.</p>	
	PERSOAL DOCENTE	<p>D2:( ESO-Bach-Ciclo)O profesorado do noso centro ten a posibilidade de acceder a un Desenvolvemento Profesional Continuo no relativo ao ensino e aprendizaxe con tecnoloxías dixitais.</p> <p>D4:(Ciclo) O profesorado do noso centro ten posibilidades dun Desenvolvemento Profesional Continuo centradas no emprego de tecnoloxías dixitais específicas para a materia que imparte.</p> <p>PEC6:(ESO-Bach) O profesorado do noso centro participa en actividades formativas individuais organizadas pola Administración Educativa para a actualización das competencias dixitais</p> <p>E1:(ESO-Bach-Ciclo) O profesorado do noso centro busca recursos educativos dixitais en Internet.</p> <p>E2:(Ciclo) O profesorado do noso centro crea recursos dixitais para reforzar a súa labor de ensinanza.</p>	<p>A4: (ESO-Bach-Ciclo)O profesorado considera que non ten tempo para explorar como mellorar o seu método de ensinanza con tecnoloxías dixitais</p> <p>B1: (ESO-Bach-Ciclo) O profesorado considera que non se realiza unha avaliación do progreso do ensino con tecnoloxías dixitais</p> <p>B2: (ESO-Bach-Ciclo) Tanto o alumnado coma o profesorado considera que hai unha falta de debate sobre as vantaxes e desvantaxes das tecnoloxías no ensino</p> <p>D3:(Ciclo)O profesorado considera que o Equipo Directivo non fomenta o intercambio de experiencias dentro do centro sobre o ensino con tecnoloxías dixitais</p> <p>F1:(Bach) Tanto o alumnado coma o profesorado afirman que no se usan tecnoloxías dixitais para adaptar o método de ensinanza as necesidades individuais do</p>

	<p>E3:(ESO-Bach-Ciclo) O profesorado do noso centro emprega entornos virtuais de aprendizaxe co alumnado.</p> <p>E4:( ESO-Bach-Ciclo) O noso centro emprega tecnoloxías dixitais para a comunicación relativa ao centro educativo.</p> <p>E5:(ESO-Ciclo) O profesorado do noso centro emprega recursos educativos abertos.</p> <p>F1:(Ciclo) O noso profesorado emprega tecnoloxías dixitais para adaptar o seu método de ensino ás necesidades individuais do alumnado.</p>	<p>alumnado</p> <p>F3:(Bach) O alumnado considera que o noso profesorado non emprega actividades de aprendizaxe dixitais que fomenten o creatividade do alumnado</p> <p>F5:(Bach)O alumnado e o profesorado consideran que o profesorado do noso centro non emprega tecnoloxías dixitais para facilitar a colaboración entre o alumnado.</p> <p>F6:(ESO-Bach) Equipo Directivo, profesorado e alumnado coinciden en afirmar que non se fomenta a participación do alumnado en proxectos interdisciplinarios empregando as tecnoloxías dixitais</p> <p>G1:(ESO-Bach) O profesorado considera que non emprega tecnoloxías dixitais para avaliar as habilidades dos alumnos.</p> <p>G3:(Bach) O profesorado e o alumnado afirman que o profesorado do centro non emprega tecnoloxías dixitais para facilitar retroalimentación adecuada ao alumnado</p>
<b>PERSOAL NON DOCENTE</b>		
<b>ALUMNADO</b>	<p>H3:(Ciclo) No noso centro o alumnado aprende a actuar de maneira responsable e a respectar aos demais cando emprega Internet.</p> <p>H8:(ESO-Ciclo) O alumnado do noso centro aprende a comunicarse empregando tecnoloxías dixitais</p> <p>H10: (ESO-Bach-Ciclo) No noso centro emprégase a tecnoloxía en diferentes materias</p>	<p>H11:(ESO-Bach-Ciclo) O alumnado considera que non codifican ou programan o suficiente</p> <p>H13:( ESO-Bach-Ciclo) O alumnado considera que non aprende a resolver problemas técnicos que xorden ao empregar as tecnoloxías dixitais.</p>
<b>FAMILIAS</b>		
<b>OFERTA</b>		
<b>ORGANIZACIÓN DO CENTRO</b>	<p>A3:(ESO-Ciclo) No noso centro contamos co apoio do equipo directivo a hora de probar novas formas de ensinanza con tecnoloxías dixitais</p> <p>C11: (ESO-Bach-Ciclo) No noso centro temos medidas para identificar as dificultades que xorden co aprendizaxe mixto, relacionados coas necesidades do alumnado e o seu contexto socioeconómico</p> <p>C13:(Ciclo) No noso centro o alumnado pode traer o seu propio dispositivo e empregalo durante as clases. (Nota: Entendemos que na ESO tamén é unha fortaleza pois todo o alumnado trae o seu ordenador persoal de Edixgal)</p> <p>PEC7:(ESO- Bach) O profesorado do centro</p>	<p>B4:(ESO-Bach-Ciclo) O profesorado considera que non se colabora con outros centros e/ou organizacións para apoiar o uso das tecnoloxías dixitais</p> <p>C13: (ESO-Bach) Tanto o alumnado como profesorado afirman que no centro o alumnado non pode traer os seus propios dispositivos portátiles e utilízalos durante as clases. (Nota: entendemos que por dispositivo, se refire ao teléfono móbil, pois no caso da ESO todo o alumnado trae o seu ordenador persoal (Edixgal) )</p> <p>A5.(ESO-Bach-Ciclo) Xestión correcta dos dereitos de autor e licenzas de uso</p>

		<p>considera que o centro promove a creación conxunta de coñecemento a través da organización dun Plan de Formación. PEC4:( ESO-Bach-Ciclo) O equipo directivo coñece a normativa relativa á adquisición de equipamento informático para os centros educativos.</p>	
--	--	---	--

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	<ul style="list-style-type: none"> <li>- En torno ao 70% do profesorado é definitivo no centro, e a pesar de que unha boa parte del está a espera de poder concursar para acercarse aos seus domicilios, esta porcentaxe de profesorado definitivo permite afrontar proxectos a corto prazo (2-4 anos)</li> <li>- Implantación Edixgal en todo o alumnado da ESO.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- (ESO-Bach-Ciclo):Problemas técnicos complexos que xurden no día a día e que as veces tárdase demasiado tempo en solucionarlos.</li> <li>- (ESO-Bach-Ciclo):O profesorado ten tanta carga burocrática que lle impide adicar tempo a explorar novos métodos de ensinanza con tecnoloxías dixitais.</li> <li>- En Bacharelato, o exame da ABAU fai que en moitas materias, o ensino no bacharelato se centre sobre todo en superar esta proba.</li> <li>- (ESO-Bach-Ciclo):Estabilidade curta nunha boa parte do profesorado. A pesar de que contamos cunha porcentaxe alta de profesorado definitivo no centro, moito deste profesorado está a espera de poder concursar para outros centros mais próximos ao seus domicilios.</li> </ul>
	LEXISLACIÓN		<ul style="list-style-type: none"> <li>- Cambios continuos na lexislación educativa.</li> </ul>
	CONTORNA	<ul style="list-style-type: none"> <li>- As condicións socioeconómicas da contorna posibilitan que a gran maioría do alumnado teña acceso ás tecnoloxías dixitais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- (Bach-Ciclo): Non todo o alumnado conta cos mesmos recursos para dispoñer dos dispositivos precisos para o ensino.</li> </ul> <p><b>Nota:</b> Na ESO contamos co programa Edixgal que asegura que todo o alumnado dispoña dun ordenador persoal.</p>
	ANPA	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Existencia dunha ANPA, que nos pode permitir facer uso da súa colaboración en diferentes actividades relacionadas co ensino-aprendizaxe dos seus fillos/as</li> </ul>	
	OUTRAS ENTIDADES	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Colaboración co Concello de Cee (Mantemento do centro, instalacións compartidas, actividades culturais...)</li> <li>- Colaboración con diferentes institucións como CEFORE, PLATEGA, etc, que permiten ao noso profesorado poder formarse e manter un desenvolvemento profesional continuo.</li> </ul>	

## Plan de Acción

A continuación, pasamos a enumerar os obxectivos, indicadores e accións que, tras ter analizado toda a información, se consideran prioritarios para o noso centro.

Debemos indicar que inicialmente, establecéronse 6 obxectivos principais que foron os que conformaron o noso Plan Dixital durante o curso 2022/2023. De cara ao presente curso 2023/2024, acordouse polo Claustro de profesores, engadir un novo obxectivo (obxectivo 7) para “Educar ao alumnado e as Familias no uso correcto das TICs”

### 2.3. Obxectivos, indicadores e accións

"Área/s de mellora": C, "Infraestructuras e Equipos"						
<b>OBXECTIVO 1:</b>	Reducir a Brecha dixital entre o alumnado (C11 - C13)				<b>Acadado</b>	
<b>RESPONSABLE:</b>	Equipo Directivo – Equipo TIC				<b>Non acadado</b>	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO</b>	Porcentaxe de alumnado con dificultades para dispoñer do seu propio dispositivo (ordenador ou tablet) e dunha conexión a internet					
<b>Valor de partida</b>	5% do alumnado					
<b>Valor previsto e data</b>	0 % do alumnado con estas dificultades.			30 de novembro de 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRIPCIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
<b>AO1.1: Detección do alumnado con dificultades (Enquisa)</b>	Titores	Inicialmente en Setembro. Activada durante todo o curso	Enquisa sobre os recursos do alumnado		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>AO1.2: Destinar Equipos informáticos e Financiación para o alumnado con dificultades</b>	Equipo Directivo	Inicialmente en Setembro. Activada durante todo o curso	- Equipos Informáticos - Partida Orzamentaria - Reunión co concello e Institucións para buscar financiación.		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>AO1.3: Entrega dos equipos e Módem USB (datos)</b>	Equipo TIC	Inicialmente en Setembro. Activada durante todo o curso	- Listado do alumnado con necesidades - Compromiso Asinado polas familias		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>AO1.4: Permitir ao alumnado traer o seu propio dispositivo ao centro</b>	Equipo Docente	Durante todo o curso	- Dispositivos do alumnado - Proporcionar acceso ao Internet do centro		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	

<b>A01.5: Recollida dos equipos a finais de curso, e comprobación do seu estado.</b>	Equipo TIC	Xuño	<ul style="list-style-type: none"> <li>Listado do alumnado con necesidades.</li> <li>Certificado de devolución do equipo.</li> </ul>		<p>Realizada</p> <p>Aprazada</p> <p>Pendente</p>	
--	------------	------	--	--	--	--

**"Área/s de mellora": A : LIDERADO**

**Mellorar as condición de traballo, dispoñendo de máis tempo para explorar, comunicarse e coordinarse no ensino dixital**

<b>OBXECTIVO 2:</b>	INCREMENTAR OS RECURSOS HUMANOS para dispoñer de máis tempo á marxe da docencia, dentro da xornada laboral (A4)	Acadado	
<b>RESPONSABLE:</b>	COMUNIDADE EDUCATIVA	Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO</b>	Recuperar as 18 horas lectivas semanais e tamén as reunións de departamento dentro das 23 horas de presenza no centro. Isto implicará un aumento dos recursos humanos do noso centro		
<b>Valor de partida</b>	O profesorado está, na maioría dos casos, impartindo 20 horas lectivas a semana e facendo as reunións de departamento fora do horario de presenza no centro.		
<b>Valor previsto e data</b>	Recuperar as 18 horas lectivas semanais e as reunións de departamento dentro do horario presencial no centro.	31 de novembro 2023	

**ACCIÓNS A DESENVOLVER**

DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
<b>A02.1: O Claustro emite unha solicitude á Consellería de Educación para recuperar as 18 horas lectivas semanais e as reunións de departamento dentro do horario presencial.</b>	O Equipo Directivo en representación de toda a comunidade educativa	Claustro de setembro ou outubro	Correo electrónico	O profesorado recupera as 18 horas lectivas semanais e as reunións de departamento dentro do horario presencial no centro.	<p>Realizada</p> <p>Aprazada</p> <p>Pendente</p>	
<b>A02.2: O Consello Escolar emite un comunicado á Consellería apoiando ao Claustro</b>	Consello Escolar	Mes de setembro ou outubro	Correo electrónico	O Consello Escolar apoia a ao Claustro mediante un comunicado	<p>Realizada</p> <p>Aprazada</p> <p>Pendente</p>	

<b>A02.3: A ANPA do noso centro emite un comunicado apoiando ao Claustro</b>	ANPA	Mes de setembro ou outubro.	Correo electrónico	A ANPA apoia a ao Claustro mediante un comunicado	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

**"Área/s de mellora": B "COLABORACIÓN E REDES"**

<b>OBXECTIVO 3:</b>	Reflexionar e debater sobre o uso das tecnoloxías no ensino (B2)	Acadado	
<b>RESPONSABLE:</b>	Equipo Directivo – Equipo TIC	Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO</b>	Crear debate e espazos de reflexión sobre as TICs no ensino, tanto nos foros de debate, tanto no Claustro e nas CCPs.		
<b>Valor de partida</b>	Non existen espazos de debate sobre as TICs no centro.		
<b>Valor previsto e data</b>	Crear un espazo de debate para o profesorado no que participe polo menos o 50% do profesorado.	Xuño de 2024	

**ACCIÓN A DESENVOLVER**

DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
<b>A03.1: Crear un espazo ou foro de debate sobre as TICs na Aula Virtual do noso centro.</b>	Equipo TIC	Mes de Setembro	Aula Virtual do Centro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>A03.2: Establecer nos Claustro e CCPs de finais de Trimestre un punto da orde do día relativo ao uso e necesidades das TICs no ensino</b>	Equipo Directivo	Durante todo o Curso	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Convocatoria de Claustro</li> <li>- Convocatoria de CCP</li> </ul>		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
					Aprazada	
<b>A03.3: Establecer as conclusións do debate xerado ao longo do curso e detectar as</b>	Equipo TIC	Xuño	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Foro de Debate da Aula Virtual</li> <li>- Actas dos Claustro</li> <li>- Actas da CCP</li> </ul>		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

necesidades de cara a incluílas no Plan de						
--	--	--	--	--	--	--

**"Área/s de mellora": D "DESENVOLVEMENTO PROFESIONAL CONTINUO"**

<b>OBXECTIVO 4:</b>	Mellorar a Competencia Dixital Docente (A5- D1 - D3)	Acadado
<b>RESPONSABLE:</b>	Equipo Directivo	Non acadado
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO</b>	Formar ao Profesorado principalmente sobre Software Libre, Dereitos de Autor, Protección de Datos e no manexo das ferramentas dixitais no ensino	
<b>Valor de partida</b>	Nos últimos anos, o 0% das liñas de acción do PFPP do noso centro se adicaron a tratar o Software Libre e Dereitos de Autor	
<b>Valor previsto e data</b>	Polo menos o 50% do Profesorado participe nos PFPP e cursos de formación impartidos con este fin.	Xuño de 2024

**ACCIÓNS A DESENVOLVER**

DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO
<b>AO4.1: Solicitar os PFPP no noso centro de cara ao curso 2022-2023</b>	Equipo Directivo	Finais de Setembro	Solicitud de do PFPP		Realizada
					Aprazada
					Pendente
<b>AO4.2: Establecer as liñas Prioritarias dos PFPP (Software libre, Dereitos Autor, Avaliación, Edixgal..)</b>	Claustro Profesorado	Finais de Setembro	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Debate no Claustro de Profesorado</li> <li>- Enquisas</li> </ul>		Realizada
					Aprazada
					Pendente
<b>AO4.3: Levar a cabo as diferentes liñas de traballo (seminarios ou Grupos de Traballo) do PFPP</b>	Coordinadores/as dos PFPP	Xuño 2023	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Actas das sesións realizadas</li> <li>- Cefore.</li> <li>- Poñentes solicitados</li> <li>- Curso Aula Virtual cos materiais.</li> </ul>		Realizada
					Aprazada
					Pendente



<b>AO4.4: Aplicación dos contidos traballados no PFPP</b>	Participantes nos PFPP	Xuño 2023	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Contidos do curso</li> <li>- Cursos Edixgal ou Aula Virtual</li> <li>- Materiales elaborados</li> </ul>	Realizada	
				Aprazada	
				Pendente	

**"Área/s de mellora": E "PEDAGOXÍA: APOIOS E RECURSOS"**

<b>OBXECTIVO 5:</b>	Dixitalizar os contidos de bacharelato e ciclo (E2)	Acadado	
<b>RESPONSABLE:</b>	Departamentos Didácticos	Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO</b>	Dixitalizar os contidos de diferentes materias mediante a creación de grupos de traballo por departamentos ou ámbitos		
<b>Valor de partida</b>	Apenas un 10% dos contidos das materias están dixitalizados seguindo acordos de departamento, senón que están feitos de xeito individual.		
<b>Valor previsto e data</b>	Un 50% dos departamentos dixitalicen de xeito conxunto os contidos dunha materia.	Xuño de 2024	

**ACCIÓNS A DESENVOLVER**

DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
<b>AO5.1: Dentro do PFPP, creación de Grupos de Traballo por departamentos ou Ámbitos para a dixitalización dos contidos</b>	Xefes de departamento e Coordinadores PFPP	Finais de Setembro	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Solicitud do Grupo de Traballo</li> </ul>		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>AO5.2: Establecer a materia da que se van a dixitalizar os contidos</b>	Grupo de Traballo	Outubro	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Reunión do grupo de traballo</li> </ul>		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>AO5.3: Elaboración dos contidos dixitais da materia escollida.</b>	Grupo de Traballo	Xuño 2023	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Espazo na Aula Virtual</li> <li>- Reunións Online ou presenciais</li> </ul>		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

			- Actas de reunión.			
<b>A05.4: Análise dos contidos dixitalizados</b>	Equipo Tic	Xuño 2023	- Enquisa aos departamentos		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

**"Área/s de mellora": H "COMPETENCIA DIXITAL DO ALUMNADO"**

<b>OBXECTIVO 6:</b>	Proporcionar ao alumnado da ESO a competencia para programar ou codificar (H11)	Acadado	
<b>RESPONSABLE:</b>	Departamentos Didácticos do Ámbito Científico	Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO</b>	Conseguir que o alumnado da ESO resolva problemas sinxelos mediante a codificación ou programación dunha serie de instrucións		
<b>Valor de partida</b>	O alumnado da ESO non realiza tarefas de codificación, salvo aquel alumnado que escolle a materia optativa "Programación" en 2ºESO		
<b>Valor previsto e data</b>	Todo o alumnado da ESO realice polo menos unha actividade de programación como mínimo nas materias de Matemáticas, Física e Química e Tecnoloxía.	Xuño de 2024	

**ACCIÓNS A DESENVOLVER**

DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
<b>A06.1: Incluir as tarefas de codificación dentro da programación anual das materias implicadas.</b>	Xefes de departamento	Setembro	- Programación do departamento		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>A06.2: Creación dun Grupo de Traballo do profesorado que desenvolverá actividade de codificación</b>	Grupo de Traballo	Setembro	- Solicitud de Grupo de Traballo		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>A06.3: Reunións do Grupo de Traballo para compartir ideas e resolver dúbidas, e</b>	Grupo de Traballo	Durante todo o Curso	- Espazo na Aula Virtual - Reunións Online ou presenciais - Actas de reunión. - Aplicacións de		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

solicitar formación externa en caso de ser <b>A06.4: Realización das actividades de codificación</b>	Profesor da Materia	Durante todo o Curso	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Contidos da Materia</li> <li>- Aplicación de Codificación</li> <li>- Creación da Tarefa en EDixgal.</li> </ul>	Realizada	
				Aprazada	
				Pendente	

**"Área/s de mellora": H "COMPETENCIA DIXITAL DO ALUMNADO"**

<b>OBXECTIVO 7:</b>	Educar ao alumnado e as Familias no uso das TICS (H13)	Acadado	
<b>RESPONSABLE:</b>	Equipo Docente – Equipo TIC–Titores e Titoras -- Orientación	Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO</b>	Porcentaxe de grupos da ESO que traballan e reflexionan sobre o uso correcto das TICS		
<b>Valor de partida</b>	No mais do 25% dos grupos traballan o Bo Uso das TICS		
<b>Valor previsto e data</b>	O 80% dos grupos da ESO traballan o Bo Uso das TICS	Xuño de 2024	

**ACCIÓNS A DESENVOLVER**

DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
<b>AO1.1: Orientación e o Equipo TICs seleccionan e elaboran material para traballar un "Uso Correcto das TICS"</b>	Orientación e Equipo TIC	1º Trimestre	Selección de materiais e elaboración de pequenas U.D.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>AO1.2 Reunión de Orientación cos Titores</b>	Orientación e Titores	Inicialmente no Primeiro Trimestre. Activada durante todo o curso	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Reunións Online e Presenciais</li> <li>- Materiais seleccionados</li> <li>- ....</li> </ul>		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>AO1.3: Facer chegar a Unidade Didáctica e/ou</b>	Titores/as	Segundo e Terceiro Trimestre	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Actividades ou UD elaborada</li> </ul>		Realizada	
					Aprazada	

<b>material seleccionado ao alumnado</b>			- Hora de Tutoría co grupo		<b>Pendente</b>	
<b>A01.4: Formar as familias no manexo da plataforma Edixgal e nun correcto seguimento do uso que fan os seus fillos/as da mesma.</b>	Equipo Tic	1º Trimestre	Xornada de formación para as familias no manexo da plataforma Edixgal		<b>Realizada</b>	
<b>Solicitar Programas Externos de outras Entidades ou Organismos, que vaian neste mesma liña. Por exemplo: "Iniciación segura á Pegada Dixital", Plan Director da Garda Civil, etc.</b>	Equipo Directivo	Activada durante todo o curso	Solicitudes dos Programas		<b>Pendezada</b>	
					<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	

### 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

De cara ao vindeiro curso as necesidades de equipamento previstas para facer viable a execución do noso Plan Dixital, son as seguintes:

- Aumento do ancho de banda da nosa rede, para poder soportar o aumento da demanda de internet, xa que está previsto que todo o alumnado do centro teña acceso a internet.
- Ordenadores e routers 4G para superar a fenda dixital co alumnado de bacharelato, en caso de que as necesidades superen aos recursos actuais do centro.
- Routers 4G para superar a fenda dixital para aquel alumnado da ESO que a pesar de dispoñer dun dispositivo dentro do programa EDIXGAL, carece de conexión a internet nos seus fogares.
- Cámaras e equipos de son nas aulas para facilitar a docencia virtual en caso de necesidade.
- 10 ordenadores sobremesa para repoñer os que están mais obsoletos (sala de profesores, conserxería, biblioteca etc.)
- Renovación dos 21 equipos da Aula de Informática I, xa que os equipos desta aula están obsoletos, feito que se reflicte en que cada vez o profesorado fai menos uso da mesma para a realización de actividades co alumnado.

## 4. Avaliación do plan

No que se refire ao seguimento e avaliación do Plan Dixital en relación coa consecución dos obxectivos será realizada dende dúas perspectivas:

Avaliación procesual: será realizada unha vez ao final da cada un dos trimestres do curso 23-24. Realizarase un revisión do estado das accións, así como a valoración dos resultados acadados nos distintos obxectivos das táboas dos nosos plans de accións. Ademais, realizaranse propostas de modificación de accións de ser preciso. Utilizaranse os apartados correspondentes das citadas táboas para tal efecto.

Avaliación final: será realizada unha vez ao ano ao remate do curso académico 23-24. Farase unha revisións da consecución dos obxectivos formulados e realizaranse posibles propostas de mellora. Utilizaranse os apartados correspondentes de cada unha das táboas do plan de acción para o seu cumprimento.

## 3. 5. Difusión do plan

Unha vez aprobado o Plan Dixital do noso centro será publicado na web do mesmo. Ademais enviarase un enlace ás familias coa entrada para facelas coñecedoras da súa publicación. Tamén se enviará a todo o claustro vía correo electrónico e ao Consello Escolar.